



Convocatoria pública de cesión de espazos para o desenvolvemento de proxectos empresariais de I+D+i no sector da Bioloxía e Química ou afíns no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña

Na Reitoría da UDC ó día 23 de xuño de 2016, reunidos os membros da comisión:

Salvador Naya Fernández: Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, quen a presidirá

Fidel Cacheda Seijo: O adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia

Horacio Naveira Fachal: O adxunto de Investigación da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia

Jaime Rodríguez González: Coordinador do CICA

Pilar Pintor Vázquez: Directora da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

Preséntase só unha proposta por Allgenetics & Biology SL que cumpre os requisitos listados na convocatoria, a saber:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición das infraestruturas accesibles públicamente para actividades de I+D+i para o CICA.
- c) Descrición da actividade que se desenvolverá, incluídos o alcance, os axentes (empresas, grupos de investigación, institucións públicas, etc.) implicados e a súa planificación, a 2 anos (detalladamente) e a 4 anos (de forma xenérica).
- d) As persoas que integrarán a iniciativa, con indicación do seu vínculo coa empresa. Nomes das persoas que se designarán e se responsabilizarán da marcha da iniciativa no CICA.
- e) A descrición dos resultados da investigación ou do coñecemento que se van explotar.
- f) Calquera outra cuestión que se considerar de interés.

Polo que a comisión propón ceder o espazo obxecto desta convocatoria á empresa Allgenetics & Biology SL.